

## BASES XERAIS DO PROGRAMA XOGADE CURSO 2009-2010

A Secretaría Xeral para o Deporte, coa colaboración das federacións deportivas galegas, convoca o programa **XOGADE** (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar para o curso 2009/2010.

### INSCRICIÓNS DOS PARTICIPANTES

Poderán inscribirse neste programa os centros de ensino, ANPAs, clubs, escolas deportivas municipais, agrupacións deportivas, asociacións, etc., que o desexen, pertencentes á Comunidade de Galicia.

A inscrición realizarase a través da aplicación informática que se atopa na páxina Web: [www.deporteescolargalego.org](http://www.deporteescolargalego.org)

Para acceder a inscrición, o responsable da entidade, solicitará a clave de acceso a través da web, para que dende os Servizos de Deporte de cada provincia, envíen as claves para poder realizar a inscrición dos equipos e deportistas. As entidades que xa participaron nas tempadas anteriores manteñen o mesmo nome de usuario e contrasinal.

As datas límite para a inscrición, están especificadas nas distintas modalidades deste programa.

### ORGANIZACIÓN

A Secretaría Xeral para o Deporte, a través dos servizos provinciais e das agrupacións deportivas de zona, coa colaboración das federacións galegas e as diversas asociacións organizará, se fose

necesario polo número de inscricións, as distintas xornadas lúdica recreativas e as fases das actividades deportivas competitivas.

Na categoría benxamín, alevín e infantil (liga B) a competición rematará na fase provincial. A categoría infantil (liga A) remata no campionato galego ou no campionato estatal segundo o caso. As federacións deportivas galegas, a través das súas delegacións, organizarán as distintas fases da categoría cadete (tanto na liga A como na libre B) nos deportes de atletismo, baloncesto, balonmán, fútbol sala, judo, taekwondo, tenis de mesa, voleibol e xadrez.

No caso de fútbol e tendo en conta que é unha novidade, este ano participará unicamente nas categorías benxamin e alevín, sendo organizado directamente e de forma única pola federación Galega de fútbol en tódalas fases.

### DOCUMENTACIÓN

Cada entidade deberá cubrir no procedemento de inscrición a través de Internet, os seguintes datos:

---

Datos completos da Entidade  
Datos dos ou das responsables  
Datos dos/as deportistas inscritos/as na modalidade elixida.

---

O/a responsable garantirá que os datos de cada participante corresponden á realidade.

Unha vez formalizada a inscrición dos participantes no programa **XOGADE**, deberán imprimir o certificado de inscrición que de forma automática facilita o programa de internet. No caso de facer cambios nas inscricións, deberán imprimir o novo certificado para que consten as modificacións feitas, xa que dito documento deberá ser presentado en todas as competicións nas que participen.

Co motivo de ir mellorando o servizo prestado pola Secretaría Xeral, os responsables que figuren na aplicación deberán cumprir unha ficha de avaliación ó finalizar cada unha das actividades nas que participen.

### RÉXIME DE AXUDAS

A Secretaría Xeral para o Deporte, sufragará estas competicións, sendo totalmente gratuítas para os participantes, abonándose a través dos Servizos Provinciais e as Agrupacións de zona en base ao establecido sobre a organización.

### SEGURO

Todos os participantes serán dados de alta nun seguro deportivo de accidentes, que cubrirá a asistencia nos Centros concertados producidos ao longo da competición, nos adestramentos e desprazamentos ás distintas competicións organizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte, as Federacións Galegas e o Consello Superior de Deportes (locais, Intercomarcais, Provin-

ciais, Autonómicas, Estatais), que están dentro das categorías do Programa Xogade, neste Curso 2009/2010.

Integrará igualmente o colectivo asegurado aos adestradores, monitores e delegados dos equipos participantes nas referidas competicións deportivas, cando a súa actividade garde relación co colectivo ao que se refire o parágrafo anterior.

Os Servizos Provinciais de Deporte, facilitarán toda a información no momento que as Entidades formalicen a súa inscrición en calquera das disciplinas deportivas do programa.

### PREMIOS

No caso da actividade deportivo-competitivo os tres primeiros clasificados, recibirán como recoñecemento do seu resultado os premios correspondentes: medallas de ouro, prata e bronce, proporcionados nos campionatos intercomarcais e provinciais polos servizos provinciais e nos campionatos galegos pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Para as competicións por equipos, ademais, recibirán un trofeo segundo o posto acadado, primeiro, segundo e terceiro clasificado.

Todos os participantes nas actividades lúdica-recreativas recibirán un diploma acreditativo pola súa participación.